

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezaseis de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2009.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria da sesión de data 21 de setembro de 2009.

O concello pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 21 de setembro de 2009.

2º) INFORMACIÓN SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL E SITUACIÓN DE TESOURERÍA(ART. 207 DO R.D.L. 2/2004 DE 5 DE MARZO). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta do expediente do epígrafe e da dación de conta efectuada con data 5 de novembro de 2009 á Comisión Informativa de Contas.

O Concello Pleno dáse por enterado.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA, VERBO DA APROBACIÓN DA DELEGACIÓN NA EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA ÓS ALUMEADOS PÚBLICOS, EDIFICIOS E OUTROS SERVIZOS DE TITULARIDADE DO CONCELLO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da documentación achegada pola Deputación Provincial de Lugo, e da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, VISTO o Borrador de Convenio de Delegación achegado pola Deputación Provincial de Lugo para a contratación da subministración de enerxía eléctrica aos alumeados públicos, edificios e outros servicios de titularidade municipal.

TENDO EN CONTA a liberalización do mercado eléctrico en España produciuse no ano 2003, logo da aprobación da Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico, ao traspasar a Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

Coa nova normativa, mantéñense reguladas as actividades de transporte e distribución, dada a súa característica de monopolios naturais, mentres que se liberalizan as actividades de xeración e comercialización.

Isto supón a posibilidade de contratar o subministración de enerxía eléctrica cunha “comercializadora”, independente da “distribuidora”, que é a propietaria das instalacións que chegan ata o destinatario final da subministración.

A desaparición da Tarifa Regulada para as subministracións de Baixa Tensión a partir de xullo de 2009, fai necesaria a contratación da empresa comercializadora que subministrará a partir de tal data.

Este Concello estima conveniente implementar, mediante concertación con outros municipios da provincia a través da Deputación, a adquisición conxunta da subministración de enerxía eléctrica, coa finalidade de obter unhas mellores condicións de subministración, así como unha previsible mellora das condicións económicas debido ao volume a contratar realizando de forma conxunta, tratando de aproveitar as economías de escala que se xeneran.

O aforro no gasto corrente municipal ligada a eficiencia na prestación dos servizos públicos locais, constitúe unha esixencia permanente dunha Administración ao servizo dos cidadáns, esta esixencia faise máis evidente nos momentos de crise económica como o presente.

A concertación intermunicipal mediante adquisición conxunta da subministración de electricidade precisa da centralización dos proceso de contratación nunca Administración intermedia como é a Deputación provincial é, a tal efecto, transferir mediante a oportuna delegación as funcións correspondentes.

O artigo 40.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público establece que os órganos de contratación poderán delegar as competencias e facultades en materia de contratación cumprindo canto se establece nas normas aplicables.

Igualmente, o Título II da Lei 30/2007, regula a racionalización técnica da contratación ponendo ao servizo de tal medida as figuras dos “acordos marco”, os “sistemas dinámicos de contratación” e a contratación centralizada ou conxunta atribuíndo a mesma as denominadas “centrales de contratación”.

A súa vez, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, regula o procedemento e alcance da delegación intersubxectiva de competencias. Pola súa banda o artigo 47.2.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esixe o quórum da maioría absoluta legal para a adopción dos acordos de transferencia de funcións ou actividades noutras Administracións públicas; requisito do que se deriva que a competencia para a adopción dos acordos de delegacións ou transferencias de funcións ou actividades se atribúa ao Pleno do Concello.

Con fundamento en canto antecede, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo a contratación da subministración eléctrica aos edificios e servizos municipais que se relacionan no anexo número I deste acordo, aos efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia.

A delegación alcanza a todos actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizaranse entre a empresa adxudicataria e o Concello.

Segundo.- O Concello obrígase a formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria da contratación centralizada efectuada pola Deputación Provincial, nos terminos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas económico administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estricto de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

Terceiro.- A Deputación Provincial poderá exercer a competencia delegada, nos términos do parágrafo primeiro deste acordo, mediante a tramitación do expediente de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime oportuno

Polo demais, o réxime xurídico do exercicio da delegación aterase a canto se establece na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local; Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia e na Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

Cuarto.- A duración do contrato será a que se acorde na correspondente licitación.

Quinto.- O presente acordo deberá publicarse no Boletín oficial de Provincia, en cumprimento de canto se establece polo artigo 13 da Lei 30/1992.

Sexto.- Facúltase ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, asine o correspondente convenio no que se formalice a delegación de competencias acordada.

Séptimo.- A teor da formalización dun contrato con EON ENERGÍA S.L. por parte do Concello de Xove con data 29 de xuño de 2009 do que se achega copia a presente proposta o contrato que se no seu día se formalice en virtude da contratación conxunta a que se delega, sufrirá efectos para o Concello de Xove, transcorridos os 12 meses fixados como prazo de duración no contrato citado no que se refire, obviamente, os concretos subministros de electricidade que constitúen o seu obxecto.”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, VERBO DO PORTO DE ALCOA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

Moción Porto de Alcoa

EXPÓN:

O Porto Comercial de San Cibrao construído no seu momento polo INI, a día de hoxe explotando en réxime de monopolio pola multinacional Alcoa para o que conta cunha concesión até 2023, utiliza unicamente o dique sur, o que significa o non aproveitamento do dique norte para a súa utilización para o tránsito comercial.

A este respecto débese ter en conta que a posta en funcionamento do dique norte, tal como consta en diferentes estudos e anteproxectos a elaborados, nalgúns casos por organismos públicos, significaría habilitar un peirao de atraque de 500 metros ao longo do dique norte que permitiría a entrada de mercantes de 62.000 toneladas implicaría un investimento do arredor de 9 millóns de euros. Neste sentido hai que ter en conta que no Porto de San Cibrao nos últimos 10 anos a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao arredecadou 18,8 millóns de euros, case 2 millóns de euros anuais, o que permitiría que a actuación se financiase con fondos propios.

A ninguén se lle escapa o papel activo que está infraestrutura xogaría na dinamización económica do norte galego, abaratando os gastos de loxística de boa parte do sector industrial da zona que se ven obrigados a utilizar os Portos de Vigo, Coruña e Gijón, frenando a fuga de determinados divisións do noso tecido empresarial que se están desprazando cara Coruña e maioritariamente a Gijón e abrindo novas posibilidades de negocio.

O Porto de San Cibrao, hoxe limitado o seu dique sur, xenera o 47,5% da cota total de negocio da Autoridade Ferrol-San Cibrao, agora ben co actual sistema tarifario definido a nivel estatal aproximadamente a metade dos fondos recadados en concepto de canóns e taxas polas diferentes Autoridades Portuarias son absorbidos directamente por Portos do Estado, para o chamado Fondo de Compensación, o que representa un auténtico expolio para o conxunto dos portos galegos de interese xeral, que fican cun 40% do recadado e que a súa vez son perxudicados polo reparto efectuado do fondo de compesación que recae nun 80% nos portos de Bilbao, Barcelona, Valencia e Algeciras.

A propia liquidación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2007 ou a Memoria do referido exercicio da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao son ben elocuentes da situación que vimos de referir. Así mentras que Portos do Estado investiu no período referido na Galiza 77,3 millóns de Euros o único dos Portos Galegos de Interese Xeral que ficou sen investimento público foi o de San Cibrao, cando o seu movemento de mercadorías situase nos 5.033.638 Toneladas máis que o Porto de Marín e case o 49% da totalidade da Autoridade Portuaria a que esta inscrito.

Asemade a representación luguesa na autoridade portuaria é escasa non correspondéndose co peso que en termos de fletes e aportacións económicas representa San Cibrao para o conxunto da mesma. A pesar das queixas reiteradas que por parte dos axentes sociais da Mariña se ten feito ao respecto, na modificación da composición da mesma que ven de formular o Consello da Xunta esta non aumenta, o que sitúa a nosa zona nunha posición de desventaxa fronte a outra infraestrutura portuaria.

A posta en funcionamento e a liberalización do dique norte de Alcoa ten un carácter estratéxico para o conxunto do norte galego, na medida que nos conecta coas autovías marítimas europeas, permite superar a situación de excentralidade do Cantábrico galego e opera de imán e palanca para a totalidade dos noso tecido produtivo. A transferencia a Galiza dos Portos de Interese Xeral vai moito máis ala de por fin ao expolio que representa o actual modelo tarifario estatal, xa que significa pór en valor o sistema portuario galego a través da súa racionalización e

especialización mediante a conformación dun pool que se aproveite da posición privilexiada de Galiza en relación co tránsito marítimo internacional.

Á vista destas consideracións o 25 de Setembro de 2008 o Congreso dos Deputados aprobaba por unanimidade iniciar os tramites para a liberalización do dique norte do Porto de San Cibrao, facéndose eco das posicións nesta dirección do conxunto das forzas sociais e políticas da Comarca, así como dos posicionamentos neste sentido das Corporacións Mariñáns, da Deputación de Lugo e do Parlamento de Galiza, dándose un prazo de tres meses para iniciar as negociacións coa empresa concesionaria. Á altura de Xuño de 2009 o Ministerio de Fomento, de quen depende Portos do Estado, contestaba por escrito en sé parlamentaria que non se procedera a dar comezo as negociacións descoñecéndose a día de hoxe en que estado se atopan estas ou mesmamente se teñen comezando.

SOLICITA

1º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación acorde instar ao Ministerio de Fomento a que de conta do estado no que se atopan as negociacións coa empresa concesionaria. Asemade, no caso de que estas non se iniciasen, solicítase que se inicien de inmediato.

2º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación acorde instar ao Consello da Xunta a que proceda aumentar a representación lucense no órgano reitor da Autoridade Portuaria, en concordancia coas aportacións que o Porto de San Cibrao fai a mesma.

3º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación de traslado do primeiro punto do presente acordo ao Ministro de Fomento, ao Presidente de Portos do Estado e aos Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados.

4º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación de traslado do segundo punto do presente acordo ao Presidente Xunta e aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia. “

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo, en coherencia co defendido desde sempre, vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo tamén vai votar a favor da aprobación da moción, aínda que considera que existen poucas posibilidades de que Alcoa renuncie ós seus dereitos como concesionario.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente a súa intención de votar a favor da aprobación da moción, engadindo que nestes momentos de crise, é pouco probable que o estado acometa unhas inversións moi elevadas cando noutros portos de Galicia, como Ferrol e A Coruña existen serias dificultades para rematar obras de ampliación xa en marcha.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que no tratamento destes asuntos é necesario cando menos adoptar unha aptitude de seriedade e rigor e non adoptar acordos unicamente de cara á galería.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la moción do epigrafe.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Ó COMPLETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 11/2007 PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epigrafe que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

MOCIÓN RELATIVA AO COMPLETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 11/2007 PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Exposición de motivos

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara da desigualdade, un indicador de que queda moito traballo para erradicar a discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos téñense dado pasos relevantes a nivel legal, superando unha visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e a sociedade.

A nivel galego, na pasada lexislatura, deuse un paso importante coa aprobación dunha lei específica para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Unha lei que, por primeira vez, considera a violencia de xénero desde unha perspectiva integral, reconece dereitos para as mulleres que vivan unha situación de violencia no ámbito económico e social e articula toda unha serie de obrigas para as administracións públicas tanto no ámbito preventivo, como no formativo e na asistencia ás vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que vai na dirección de incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo paralelamente o incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra a violencia de xénero.

A Secretaría Xeral de Igualdade, cumprindo cun mandato establecido na lei, informou ao Parlamento Galego do grao de desenvolvemento das previsións contidas neste texto legal, así como daqueles aspectos que restaban poñer en marcha para completar o desenvolvemento da mesma, non obstante, o novo goberno da Xunta, non parece ter interese en por en funcionamento eses instrumentos lexislativos, considerando prescindíbeis e superfluas as accións tendentes á erradicación da violencia de xénero.

A Lei prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade. No informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, consta a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal.

Estes e outros aspectos do texto legal quedan aínda por desenvolver, así como outras medidas que é necesario que se continúen impulsando para que teñan eficacia, como son as relacionadas coa

sensibilización social ou a formación de todas e todos os profesionais en ámbitos relacionados, directa ou indirectamente, contra a violencia de xénero. Un silencio que nos preocupa, pois a erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

2. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción por estar de acordo co fondo da mesma, pero facendo constar que a Lei 11/2007 entrou en vigor en agosto de dito ano, e que o Goberno autonómico do PSOE e do BNG en case 2 anos foron incapaces de cumprir co disposto nesa Lei.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que a formación dos profesionais adicados ó tratamento da violencia de xénero están na actualidade recibindo unha formación bastante máis axeitada que no pasado.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo tamén está de acordo co fondo da moción, pero considera que sería convinte engadir que o labor de prevención e atención urxente dos casos de violencia de xénero, debería corresponder os servizos sociais municipais, por selos mellores coñecedores desta problemática, pola súa cercanía e contacto diario coa xente.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez, sinalando que esa atribución de funcións e competencias debería ir acompañada obviamente da correspondente financiación.

Polo Sr. Alcalde manifestase que está totalmente de acordo coa proposta plantexada polo Sr. Pernas Rodríguez.

Polo Sr. Fernández Bouza contestase que non vai aceptar ese engadido xa que é necesario diferenciar o tratamento e asistencia de casos concretos de violencia de xénero co que é a creación dun órgano previsto na Lei que ten como obxectivo fundamental o estudo e seguimento do problema da violencia de xénero e a aplicación das medidas que en consecuencia sexa necesario adoptar, engadindo que para este labor é necesario contar con profesionais específica e especialmente preparados na materia.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase á súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la moción do epigrafe.

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

MOCIÓN SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS

Exposición de motivos

A crise económica está a supoñer unha forte redución de ingresos por parte das administracións públicas. Nos concellos, esta merma provoca un grave deterioro financeiro, o que sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, provoca tamén situacións próximas á bancarrota en moitos concellos. Polo tanto, compre adoptar medidas, tanto de carácter mais urxente e conxuntural como outras de carácter estrutural de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de xeito eficaz os servizos que lle son encomendados.

Doutra banda, a Xunta de Galiza ten feito mención a unha redución do capítulo de impostos indirectos e de taxas e prezos, como consecuencia da actual situación de grave crise económica. Dende o BNG consideramos que tal redución non debe afectar aos ingresos que reciben os concellos mediante o Fondo de Cooperación Local, polo que é necesario garantir que este ano os concellos reciban as cantidades previstas a tal efecto.

No mesmo sentido, é prioritario que o Goberno do Estado elabore un Plan que, ante a forte redución de ingresos públicos provocados pola crise, se garanta o gasto corrente aos concellos, e no suposto de liquidacións negativas na Participación de Ingresos do Estado que se aplique unha moratoria.

Por último, con respecto ao modelo de financiamento local, os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos.

Polo tanto, con carácter estrutural, é necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, demandamos a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Por todo isto, o BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.

2. *A que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado.*

3. *A que demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.*

4. *Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.*”

Polo Sr. Alcalde manifestase que certamente estamos ante un problema gravísimo que require solucións urxentes, razón pola cal vai votar a favor da aprobación da moción, salientando que a problemática específica de moitos pequenos concellos galegos, derivada da dispersión e do envellecemento da súa poboación xa foi aducida polo presidente da Xunta de Galicia no debate da Lei de Financiación Autonómica, sen que o Goberno Central do PSOE e os seus socios admitiran ditas alegacións.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo tamén vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente a súa intención de votar a favor da aprobación da moción, engadindo que nalgúns casos ademais de mellora-la financiación dos Concellos, sería bon que tamén se mellorase por parte dalgúns alcaldes a xestión dos asuntos municipais.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la moción do epígrafe.

7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA UNHA REFORMA FISCAL BAIXO CRITERIOS DE XUSTIZA, EQUIDADE A PROGRESIVIDADE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

MOCIÓN PARA UNHA REFORMA FISCAL BAIXO CRITERIOS DE XUSTIZA, EQUIDADE E PROGRESIVIDADE.

Exposición de motivos

A profunda crise do modelo económico neoliberal que veu impulsando o PP e o PSOE nos últimos anos, máis alá dos aspectos relativos á crise financeira, evidencia unha crise do modelo fiscal que se veu aplicando, e mostra os límites dunha forma regresiva e pouco igualitaria de entender a política fiscal.

Así, as políticas do PSOE e do PP foron na dirección de eliminar os aspectos progresivos da fiscalidade: aumentáronse fortemente os impostos regresivos como o IVE e os impostos especiais (carburantes, alcohol e tabaco) e, pola contra, reduciuse a importancia dos impostos directos,

como o IRPF, Sociedades, Patrimonio, etc. O último exemplo témolo nos Orzamentos Xerais do Estado, onde o Goberno propón incrementar o IVE normal e reducido. O BNG opúxose de xeito rotundo á subida no IVE, por se tratar dun imposto de carácter indirecto, que non ten en conta as circunstancias económicas das persoas contribuíntes e que sobre todo repercutirá nas clases medias e traballadoras. Ademais, penaliza ás rendas baixas, pois son as que destinan unha maior porcentaxe da súa renda ao consumo. Exemplos anteriores nesta mesma liña son os seguintes:

Rebaixa continuada do tipo máximo do IRPF até situalo no actual 43%.

Rebaixa dos gravames sobre as rendas do capital (plusvalías, dividendos e intereses). Ademais, nos últimos anos eliminouse a distinción entre as plusvalías xeradas no mesmo ano (normalmente especulativas) e as rendas xeradas en períodos máis longos.

Creación de réximes de verdadeiro paraíso fiscal para os investimentos das grandes fortunas, como por exemplo as SICAV (Sociedades de Investimento en Capital Variábel), que teñen un tipo do 1%.

Supresión do Imposto de Patrimonio.

Desregulación financeira no plano internacional, que permitiu a aparición de canles cada vez máis amplas para a evasión e a fraude fiscal.

Relaxamento da inspección tributaria, que permitiu a extensión de grandes bolsas de fraude que afectan sobre todo ás rendas do capital e ao IVE.

Estas reformas foron presentadas como unha redución de impostos para todos e todas. Na práctica, estas reducións beneficiaron maioritariamente ás persoas máis ricas. As rendas medias e baixas non viron reducidos os seus impostos, senón que incluso os viron aumentados pola vía do aumento dos impostos indirectos e o salto de tramo no IRPF polo efecto da inflación.

Polo tanto, o problema non son os supostamente altos impostos, senón como estes están distribuídos na sociedade. Practicamente todos os países da UE con maior renda per cápita que a galega e a española teñen tamén unha maior presión fiscal. Débese aspirar a ter unha presión fiscal que permita ás administracións dispor de recursos suficientes que garantan a suficiencia financeira dos concellos e que permitan impulsar políticas que favorezan a cohesión social e polo tanto, garantan uns servizos públicos de calidade: educativos, sanitarios, pensións, servizos sociais, redes viarias, transportes colectivos, de promoción cultural, etc.

Existe tamén unha correlación positiva entre presión fiscal e cohesión social. Así, os tres países europeos con maior presión fiscal son os que teñen uns maiores niveis de igualdade social. Parece que os partidos que demandan unha redución xeneralizada de impostos teñen como referente a Eslovaquia, Lituania ou Romanía, os tres países con menor presión fiscal da UE, aínda que son máis coñecidos polas súas desigualdades e o baixo nivel de desenvolvemento.

Parellamente ás modificacións fiscais regresivas dos últimos anos, en Galiza e no Estado Español incrementáronse as desigualdades, e estas están na raíz da crise actual, posto que a baixa capacidade de compra das rendas modestas constitúe un freo á expansión da demanda e o consumo. Así, a fiscalidade debe ser entendida non só con finalidade recadatoria, senón como un instrumento clave para revisar o modelo de crecemento e fomentar a cohesión e a loita contra as desigualdades sociais. Polo tanto, é o momento de acometer unha reconsideración do conxunto do sistema fiscal para darlle coherencia, reequilibrar o peso dos impostos directos e indirectos e recuperar o seu carácter progresivo, de maneira que unha ampla maioría social, nomeadamente a clase traballadora e media, sexa beneficiada de tal reforma.

Por todo iso, sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO

Ínstase á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a retirada da proposta de incremento do IVE contemplada nos Orzamentos Xerais do Estado, e presente unha nova proposta onde non se incrementen os impostos indirectos, e se dote ao sistema tributario de maior progresividade. Polo tanto, que se acometa unha reforma fiscal baixo os principios de progresividade, equidade e xustiza tributaria, que implique unha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas, e maior presión fiscal ás rendas máis altas, e implique tamén gravar con maior progresividade as rendas procedentes do capital e de actividades especulativas, así como a adopción de medidas efectivas contra a fraude e a evasión fiscal.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que constitúe unha falla de seriedade por non falar de cinismo ou hipocresía que un partido de dereitas como o PP, vote a favor da aprobación de propostas totalmente contrarias ó que constitúe a súa ideoloxía.

Polo Sr. Alcalde contestase que é necesario lembrar ó Sr. Fernández Bouza que o Partido Popular votou en contra da aprobación dos presupostos xerais do Estado, entre outras cousas, e fundamentalmente pola súa oposición á suba do IVE prevista nos mesmos.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que o que non parece serio e que sexa o Concelleiro do BNG quen determine cal é a ideoloxía do Partido Popular.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase á súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que non é de estrañar que o Partido Popular vote a favor da aprobación deste tipo de mocións presentadas polo BNG, tendo en conta que a mesma non é outra cousa que unha crítica directa e na súa opinión inxusta, da política económica do Goberno Central.

Remata a súa intervención o Sr. Ben Fernández, manifestando a súa intención de absterse na votación, xa que considera que en conxunto, a suba de impostos prevista é un instrumento absolutamente necesario para salir da crise.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres/Sras. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana María Abad López, D. José Manuel González Álvarez, D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro, D. Xesús Xosé Fernández Bouza, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta e D. Jesús Casabella Lage coa abstención do Sr. Modesto Ben Fernández acorda aproba-la moción do epigrafe anteriormente transcrita.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

Por D. Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta por escrito os Rogos e Preguntas que a seguir se transcriben ó igual que as contestación escritas efectuadas polo Sr. Alcalde-Presidente :

Rogo_1.- A respecto das novas medidas que se están adoptando polas diversas administracións, para a redución dos plásticos, pedimos que o Concello faga unha campaña de concienciación, recollendo tamén a problemática específica do rural onde se usan os plásticos

indiscriminadamente ate o punto de, “un arbore unha bolsa de plástico” que rematan incontroladas contaminando todo o entorno natural.

Resposta: *Se toma e consideración o rogo.*

Rogo_2.- Nas beiras dos nosos ríos, como está a suceder noutra partes do país, secan os ameneiros debido a unha enfermidade que a día de hoxe, aínda non se deu atallado, consideramos que dende o Concello se podía acometer un plan para a corta das arbores secas e o mesmo tempo plantar outras, non se pode deixar todo nas mans dos poucos que traballan no campo, pois son os únicos que fan esta labor.

Resposta: *Se toma en consideración o rogo e darase traslado do mesmo á Consellería de Medio Ambiente e mailo organismo autónomo Augas de Galicia ós efectos de obte-las preceptivas autorizacións e asesoramento sobre as medidas concretas que se poidan adoptar.*

Pregunta_1.- Que parcelas ou propiedades ten o Concello no Polígono de Camba, e certo que algunha delas está sendo utilizada por entidades privadas?

Resposta: *- No Polígono de Camba as parcelas de titularidade municipal son as seguintes:*

- *Parcela A: Donde se atopa ubicado o Punto Limpo.*
- *Parcela EDyS: Donde recentemente ó abeiro do acordo formalizado coa Consellería de Industria instalouse unha antena de telecomunicacións para dotar de banda ancha ás empresas ubicadas no Polígono.*

Na mesma parcela o Concello ten depositado material de recheo que se esta a utilizar para a execución de diversas obras por parte do Concello.

Igualmente en parte de dita Parcela autorizouse en precario e provisionalmente o acopio de materiais á empresa CORYMA en tanto rematen as obras de construción da nave que dita empresa vai construír nas Parcelas 49 e 50 colindantes.

Pregunta_2.- Que tipo de lámparas se instalaron nas novas farolas da Avda. da Deputación?

Resposta: *A execución do proxecto “ Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na Avda. da Deputación “ cofinanciado pola Consellería de Industria a través do INEGA inclúe a colocación de 61 lamparas de Vapor Sodio Alta Presión de 250 Watios de potencia e outras 61 lámparas de Vapor Sodio Alta Presión de 100 Watios de potencia.*

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo